


Educación infantil

Este é o conto
do río Mandeo.

Mandeo



Unidades didácticas creadas dentro do marco de actuacións do Proxecto Mandeo

Edita

Deputación Provincial da Coruña

Coordinación da serie

Deputación Provincial da Coruña:

**Vicente Berrocal
Miguel Cachafeiro**

Universidade da Coruña:

**Jerónimo Puertas
Joaquín Suárez**

ISBN: : 978-84-9812-132-2

Depósito Legal: C-2298 / 2010

Textos, ilustracións, diseño gráfico e maquetación



TERRANOVA

Interpretación y Gestión Ambiental, S.L.

Este é o conto
do río **Mandeo**.







Como chove! Sabes por que?
As nubes son grandes montóns de
pequenas gotas de **auga** penduradas do
ceo. Cando se xuntan unhas con outras,
fanse más grandes e, entón, chove.



E a onde vai esa auga?



Esta historia comeza cando chove sobre uns montes chamados Corno do Boi e Cova da Serpe.

As gotas de auga discorren polas súas pendentes e así nace o río **MANDEO**.

Ten unha longa viaxe por diante.



Seguímolo?



O río Mandeo non está só. Ten varios irmáns que o acompañan na súa viaxe. Son os ríos Mendo, Zarzo, Deo ou Cambás. Corren por entre os campos ata se uniren a el. Son os seus **AFLUENTES** ...

¡CADA VEZ HAI MÁIS AGUA!



E quen vive
na auga?




Xunto á auga medran fentos e altas árbores.
Voan as LIBÉLULAS e saltan as RAS.

Á NATUREZA ENCÁNTALLE A AUGA!






Chámome MERLO RIEIRO



Gústame mergullarme para
colher insectos no fondo do río.

UF!



Alí atópome
coas troitas.



E, cando voo ás beiras... , a quen atopo?

As vacas!

Nas beiras, as vacas beben a
auga do río.

Tamén as hortas se regan con
auga do río.



O MANDEO DÁ DE BEBER A TODOS!




E ademais axúdanos a ter lez... Sabes como?

A corrente do Mandeo é moi
rápida e forte.



O RÍO NUNCA PARA!


Os muíños e as centrais hidroeléctricas aproveitan a súa forza para crearen enerxía. Logo, esa enerxía viaxa ata as nosas casas a través de longos cables.



«E a auga... como chega ás nosas casas?»




POLAS CANALIZACIÓNS





Tamén
chega ás
fábricas.

E ás piscinas...



Ás veces o río
contamínase por
culpa de persoas
que non o coidan.



¡QUE MÁGOA!



Debemos procurar non gastar máis auga da necesaria. Temos que manter limpo o río.

A auga das nosas casas vai ás depuradoras.

Nelas límpiese a auga.

¡PARA QUE O RÍO VOLVA CORRER LIMPO
E CONTENTO!








Esta historia remata cando o Mandeo
chega ao mar, na ría de BETANZOS.



Aquí as súas augas doces
mestúranse coas ondas salgadas.

E sobre elas as nubes voan cara
aos montes...









www.riomandeo.com

riomandeo

paraíso fluvial

Deputación da Coruña.
Alférez Provisional nº 2. 15006 A Coruña.
Tfno: 981 080 300



DEPUTACIÓN
DA CORUÑA



FONDO EUROPEO
DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
Unha maneira de facer Europa